

## ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE SERANTES DO DÍA 19 DE ABRIL DE 2016

No local da A.VV. San Salvador de Serantes, situado na Avenida 19 de febreiro, 25-27, Ferrol, sendo as 19:15 horas, celebrouse a Asemblea de de Barrio de Serantes cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Andrea Rico Adegá da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	12	Nº de homes:	6
		Nº de mulleres:	6

### Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación da a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Andrea Rico da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes de Serantes tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Non se presentaron candidaturas previas á celebración da Asemblea, resultando propostos neste acto co apoio da unanimidade dos/as asistentes/as as seguintes persoas:

VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título individual	Mercedes Cartelle Pardo
En representación de entidades	José Antonio Pérez Vidal (AVV San Salvador de Serantes)

REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA
Mercedes Cartelle Pardo
José Antonio Pérez Vidal

A continuación presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a

vindeira asemblea de barrio.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas de Serantes e que a modo de resumo son os seguintes:

- Transporte urbano.
- Pasos de peóns. Problemas de seguridade viaria.
- Beirarrúas..
- Mantemento de viais.
- Invasión de xabariás. Fauna salvaxe.
- Invasión avespa velutina.
- Problemas de subministro eléctrico por ser final de liña (Pazos).

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 20:15 horas.

O concelleiro delegado da área de  
Participación, Novas Tecnoloxías  
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro